

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 12/06/2017, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASUNTOS ASISTENTES

ALCALDE
José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE
Xan Carlos Sar Oliveira
Soledad Vilela Romero
Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO
José Ramón Lema Fuentes

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-
- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-
- 3º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:30** horas do día **12/06/2017** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión extraordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 25 de Maio de 2017 é aprobada por unanimidade dos asistentes.--

- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

COMUNICACIONES PREVIAS DE OBRAS

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de LUCÍA LÓPEZ INSUA, (Rexistro de Entrada 1.386 de 15/05/2017) para proceder á realización de obras consistentes na colocación de novo azulexo no cuarto de baño, substitución das fiestras por unhas novas de aluminio na fachada principal e illamento en fachadas que posteriormente serán pintadas en branco, nunha vivenda (Referencia Catastral 8506819MH7580N0001KT),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data

8 de Xuño de 2017, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de PLÁCIDA MARTÍNEZ TRABA, (Rexistro de Entrada 1.343 de 11/05/2017) para proceder á realización de obras consistentes no pintado do teito en cor tella e apertura de dúas fiestras velux para dar luz ó faiado nunha vivenda (Referencia Catastral 8609155MH7580N0001YT),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 8 de Xuño de 2017, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder a promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de JOSÉ MANUEL INSUA INSUA, (Rexistro de Entrada 1.331 de 11/05/2017) para proceder á realización de obras consistentes na instalación dunha bomba de calor xeotérmica, facer un pozo de captación de 70 metros con recheo de morteiro especial xeotermia e colocación de conexións hidráulicas, accesorios e tubarías para calefacción, nunha parcela (Referencia Catastral 001404200MH75D0001RQ),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 8 de Xuño de 2017, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de MANUEL DÍAZ REY, (Rexistro de Entrada 1.077 de 21/04/2017) para proceder á realización de obras consistentes na substitución do tellado actual por outro novo con viguetas de formigón e tella vermella, para evitar derrube dunha vivenda (Referencia Catastral 001402400MH75F0001AL),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 8 de Xuño de 2017, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de JOSÉ ANTONIO ROMERO BUITURÓN, (Rexistro de Entrada 847 de 30/03/2017) para proceder á realización de obras consistentes no lavado e pintado do tellado dunha vivenda (Referencia Catastral 8612094MH7581S0001GU),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 8 de Xuño de 2017, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de BEGOÑA VELAY OUTES, (Rexistro de Entrada 1.518 de 29/05/2017) para proceder á realización de obras consistentes na reconstrución dun muro existente na parte traseira dunha vivenda, cunha lonxitude de 9 metros e altura de 1,5 metros con pedra e bloque pintado (Referencia Catastral 8504516MH7580S0001GD),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data

8 de Xuño de 2017, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder a promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de AURORA ESCARÍS CANOSA, (Rexistro de Entrada 1.377 de 15/05/2017) para proceder á realización de obras consistentes na reparación do teito dun hórreo con colocación de tella do país sito nunha parcela (Referencia Catastral 15038A502009740000DF),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 8 de Xuño de 2017, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder a promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de GILBERTO CASTREGUE LÓPEZ, (Rexistro de Entrada 201799900000004 de data 3/04/2017) para proceder á realización de obras consistentes na reconstrución dun muro de peche con bloques de formigón gris que serán pintados e soleira de formigón danada, nunha finca (Referencia Catastral 8504510MH7580S0001UD),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 8 de Xuño de 2017, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de JOSÉ MANUEL DOMÍNGUEZ CALO, (Rexistro de Entrada 1.428 de 23/05/2017) para proceder á realización de obras consistentes na colocación de plancha metálica na esquina dunha vivenda (Referencia Catastral 8607439MH7580N0001PT),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 8 de Xuño de 2017, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de JAVIER LIRES CALO, (Rexistro de Entrada 1.560 de 31/05/2017) para proceder á realización de obras consistentes na limpeza do teito e pintado das fachadas en cor claro dunha vivenda (Referencia Catastral 8609154MH7580N0001BT),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 8 de Xuño de 2017, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de MANUEL LAGO NEMIÑA, (Rexistro de Entrada 1.379 de 15/05/2017) para proceder á realización de obras consistentes na reparación de paramento lateral dunha vivenda existente con panel, con ocupación da vía pública 20 metros con máquina elevadora (Referencia Catastral 8507712MH7580N0001WT),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 8 de Xuño de 2017, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

OBRAS MAIORES

A) Visto o informe emitido por parte da Arquitecta que presta servizos dentro desta Corporación con data 8/06/2017 en relación coa licenza urbanística concedida o 25/05/2017 a nome do promotor CAYETANO INSUA RIVAS,

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Aprobar o Proxecto de Execución presentado polo Promotor para proceder á Construción dunha Edificación para Taller Gastronómico e Cabanas a emprazar nunha parcela con Referencia Catastral 15038A032002130000FY, redactado polo Arquitecto Antonio Martínez Domínguez visado de data 29 de Maio de 2017 co número 1702942,2 que consta no expediente é o cal deberá axustarse plenamente ; todo isto por ter presentado o Anexo de Obra Urbanizadora de data Xuño 2017 que forma parte do proxecto en cuestión e cumprir con tódalas condicións impostas na citada Licenza.-

2) Notificar este acordo ó promotor para o seu coñecemento e demais efectos cos recursos legalmente establecidos.-

3º.- Asuntos varios.-

DEVOLUCION GARANTIA DEFINITIVA

Unha vez examinado o expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Cancelar o Aval Bancario número 350302 de data 28 de Abril de 2015 expedido pola Entidade **ABANCA Corporación Bancaria S.A.** polo importe de **Cinco mil setecentos corenta e oito euros con trinta e cinco céntimos (5.748,35 €)** imposto no seu día por parte da **Empresa MURAT CONSTRUCCION Y MANTENIMIENTO S.L.**, con CIF B15923956 e domicilio social no lugar de Riveira, 19, Parroquia de Visantoña, Termo Municipal de Mesía, Provincia de A Coruña, en concepto de **Garantía Definitiva** coa finalidade de responder do **Contrato administrativo formalizado o día 13 de Maio de 2015** con esta Corporación para levar a execución da **Obra denominada " Actuacións de posta**

en valor da senda peatonal Faro de Fisterra " incluída dentro do Convenio formalizado coa Excmá Diputación provincial.-

2) Proceder a expedir por parte da Secretaría dilixencia de cancelación do citado Aval con entrega posterior á Empresa adxudicataria.--

RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL

Visto o escrito presentado co número 3241 (RE) de 19/10/2015 por **Rosario Calvo Leis**, no que solicita a responsabilidade patrimonial deste concello polos danos e perxuízos ocasionados polas lesións sufridas as 19:30 horas do día 28/6/2015 cando paseaba pola rúa Virxe das Areas e sufriu unha caída ao pisar a rexilla da canaleta que cruza ese vial.

Visto o informe desfavorable emitido o pasado 5/4/2016 por Juan Antonio Armenteros Cuetos como Asesor Xurídico de AXA, en base as razóns expostas,

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda :

1º) Non acceder ao solicitado pola interesada e denegar a responsabilidade patrimonial desta corporación en base as razóns expostas no informe que consta no expediente.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos.

APERTURAS

A) Visto o expediente iniciado co número 1293 (RE) de 8/5/2017 por Gonzalo Saavedra Gómez, no que solicita a transmisión ao seu favor da licenza de apertura de “cafe bar - restaurante” que se localiza no baixo da edificación do lugar de Calcoba deste termo municipal.

CONSIDERANDO: Que o pasado 14/10/2012 a Xunta de Goberno Local concedíulle a Alberto Martínez Zas licenza definitiva de apertura de “cafe bar - restaurante” que se localiza no baixo da edificación do lugar de Calcoba deste termo municipal.

CONSIDERANDO: Que no expediente consta a comunicación de transmisión de licenza asinada entre Alberto Martínez Zas e Gonzalo Saavedra Gómez.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado polo interesado e conceder acordo de eficacia á comunicación previa presentada por Gonzalo Saavedra Gómez, para o inicio

da actividade de “cafe bar - restaurante” que se localiza no baixo da edificación do lugar de Calcoba deste termo municipal.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo o interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

B) Visto o expediente iniciado co número 1019 (RE) de 18/4/2017 por Christine Mack, no que solicita a transmisión ao seu favor da licenza de apertura de “comercio menor de artigos de regalo” que se localiza no baixo da edificación da rúa Arasolis, desta vila.

CONSIDERANDO: Que o pasado 15/6/2012 a Xunta de Goberno Local concedíulle a Florentina Castro Nogales licenza definitiva de apertura de “comercio menor de artigos de artesanía” que se localiza no baixo da edificación da rúa Arasolis, desta vila.

CONSIDERANDO: Que no expediente consta a comunicación de transmisión de licenza asinada entre Florentina Castro Nogales e Christine Mack.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado pola interesada e conceder acordo de eficacia á comunicación previa presentada por Christine Mack, para o inicio da actividade de “comercio menor de artigos de regalo” que se localiza no baixo da edificación da rúa Arasolis, desta vila.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

C) Visto o expediente iniciado co número 1021 (RE) de 18/4/2017 por María Pilar Trillo Lago, no que solicita a transmisión ao seu favor da licenza de apertura de “cafe bar” que se localiza no baixo da edificación da calella de Calafigueira, desta vila.

CONSIDERANDO: Que o pasado 25/2/2016 a Xunta de Goberno Local concedíulle a Michele D’Atri licenza definitiva de apertura de “café bar” que se localiza no baixo da edificación da calella de Calafigueira desta vila.

CONSIDERANDO: Que no expediente consta a comunicación de transmisión de licenza asinada entre Michele D’Atri e María Pilar Trillo Lago.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado pola interesada e conceder acordo de eficacia á comunicación previa presentada por María Pilar Trillo Lago, para o inicio da actividade de “cafe bar” que se localiza no baixo da edificación da caella de Calafigueira, desta vila.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

D) Visto o expediente iniciado co número 1412 (RE) de 19/5/2017 por Bardona Rausch, en nome e representación de KASIOPEIA FISTERRA, C.B., con CIF: E-70.523.428 e domicilio social na rúa Arasolis, 14 desta vila, no que solicita a transmisión ao seu favor da licenza de apertura de “comercio menor de pan, pasteles, confitería, lácteos” que se localiza no baixo da edificación da rúa Arasolis, 14 desta vila.

CONSIDERANDO: Que o pasado 23/7/2015 a Xunta de Goberno Local concediulle a Felipe Bermúdez Valiña licenza definitiva de apertura de “comercio menor de pan, pastelería e confitería” que se localiza no baixo da edificación da rúa Arasolis desta vila.

CONSIDERANDO: Que no expediente consta a comunicación de transmisión de licenza asinada entre Felipe Bermúdez Valiña e Bardona Rausch en nome e representación de KASSIOPEIA FISTERRA, C.B..

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado pola interesada e conceder acordo de eficacia á comunicación previa presentada por KASSIOPEIA FISTERRA, C.B., con CIF: E-70.523.428, para o inicio da actividade de “comercio menor de pan, pasteles, confitería, lácteos” que se localiza no baixo da edificación da rúa Arasolis, 14 desta vila.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

TERRAZAS

A) Visto expediente iniciado co número **860** (RE) de **31/3/2017** a nome de **José Ignacio Formoso Martínez**, no que solicita **autorización para a ocupación de 6,74 x 1,73 metros da vía pública (11,66 m2)** para colocar mesas e cadeiras cun peche de madeira como protección lateral, na rúa Real desta vila, para dar servizo de tempada ao establecemento público que rexenta denominado “**LECER**” e que se localiza nesa zoa, durante a tempada que vai do 1/3 ao 30/10/2017.

Deixando a salvo o dereito da propiedade, e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e despois de ver o informe favorable emitido pola arquitecto que presenta servizos en materia urbanística nesta corporación o pasado día 8/6/2017, a **Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:**

1º Acceder ó solicitado por José Ignacio Formoso Martínez, e concederlle licenza para ocupar 11,66 m2 da vía pública para colocar mesas e cadeiras cun peche de madeira como protección lateral na rúa Real desta vila, para dar servizo de tempada ao establecemento público que rexenta denominado “LECER” e que se localiza nesa zoa, durante a tempada que vai do 1/3 ao 30/10/2017, sempre e cando se coloque cando a rúa Real sexa peonil, circunstancia que lle será comunicada.

2º Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos.

B) Visto expediente iniciado co número **920** (RE) de **6/4/2017** a nome de **Leonel Fabián Marcote Piñero**, no que solicita autorización para a **ocupación de 5 x 1,50 metros da vía pública (7,50 m2)** para colocar mesas e cadeiras cun peche de madeira como protección lateral, na rúa Real desta vila, para dar servizo de tempada ao establecemento público que rexenta denominado “**REAL 42**” e que se localiza nesa zona, durante a tempada que vai do 1/3 ao 30/10/2017.

Deixando a salvo o dereito da propiedade, e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e despois de ver o informe favorable emitido pola arquitecto que presenta servizos en materia urbanística nesta corporación o pasado día 8/6/2017, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º Acceder ó solicitado por Leonel Fabián Marcote Piñero, e concederlle licenza para ocupar 7,50 m2 da vía pública para colocar mesas e cadeiras cun peche de madeira como protección lateral na rúa Real desta vila, para dar servizo de tempada ao establecemento público que rexenta denominado “REAL 42” e que se localiza nesa zoa, durante a tempada que vai do 1/3 ao

30/10/2017, sempre e cando se coloque cando a rúa Real sexa peonil, circunstancia que lle será comunicada.

2º Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos.

SERVIZOS DE LIMPEZA

Como consecuencia da Adxudicación definitiva en expediente de contratación mediante procedemento negociado para prestación de servizos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) **Prorrogar ata o día 3 de Xullo de 2018 o Contrato administrativo formalizado por esta Corporación o día 3 de Xullo de 2015 coa Empresa German José Lema Amigo, para seguir prestando os Servizos de Limpeza nas Dependencias Públicas a que se refire o mesmo polo importe mensual que viña percibindo de Catro mil setecentos trinta e nove euros con catorce céntimos (4.739,14 €) incluído o Imposto sobre o valor Engadido; todo elo de conformidade co disposto no Artigo 303 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de Novembro do texto Refundido da lei de Contratos do Sector Público por quedar acreditada a existencia de consignación presupostaria.-**

2) Notificar dito acordo a Empresa adxudicataria aos efectos legalmente establecidos.-

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 21:30 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario , dou fe.